

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

16480 Orde EHA/2784/2009, do 8 de outubro, pola que se regula a interposición telemática das reclamacións económico-administrativas e se desenvolve parcialmente a disposición adicional décimo sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sobre utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nas reclamacións económico-administrativas.

A disposición adicional décimo sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, autorizou a «utilización de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos nas reclamacións económico-administrativas», incluíndo diversas especificacións e dispoñendo no seu punto cuarto que «o ministro de Facenda regulará os aspectos necesarios para a implantación destas medidas e creará os rexistros telemáticos que procedan».

A disposición adicional terceira do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, reitera a dita habilitación e prevé que a remisión dos expedientes administrativos previstos no propio regulamento se efectúe mediante a posta á disposición do expediente electrónico.

Posteriormente, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, clarificou e promoveu a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos pola Administración pública, establecendo un marco de actuación cuns prazos de adaptación.

Neste marco, esta orde inicia un proceso de adaptación progresiva da tramitación das reclamacións económico-administrativas á utilización de medios electrónicos e telemáticos que faciliten a actuación dos cidadáns e melloren a operatividade das administracións intervenientes. Por iso, a orde ten un carácter transitorio, tendo en conta o disposto na citada Lei 11/2007, pero tamén parcial, posto que só se aplica á interposición telemática das reclamacións e incidentes de execución, á consulta do estado de tramitación e á remisión do expediente administrativo do acto reclamado en vía económico-administrativa, para o que se utiliza a denominación «expediente de orixe» que permite diferenciarlo claramente do posterior expediente da reclamación económico-administrativa.

De acordo con iso, o artigo primeiro regula o obxecto e ámbito de aplicación. Os artigos segundo a quinto regulan a presentación telemática das reclamacións económico-administrativas, que se establece unicamente para os escritos de interposición das reclamacións, así como dos incidentes de execución, pero sempre con carácter opcional para os interesados. O artigo sexto permite que o expediente administrativo do acto reclamado poida formarse en formato electrónico e remitirse ao tribunal económico-administrativo utilizando algúns dos medios electrónicos ou telemáticos previstos nos números 3 a 5 do precepto. O seguinte artigo sétimo regula a remisión ao tribunal económico-administrativo da reclamación cando fose presentada telematicamente; esta remisión farase tamén da forma prevista no anterior artigo 6 para o expediente de orixe; o mesmo precepto tamén aclara que, dado o carácter parcial da orde, o resto das actuacións do procedemento económico-administrativo seguirán tramitándose en papel, sen prexuízo de que o tribunal económico-administrativo poida utilizar o formato electrónico. O artigo oitavo permite ao reclamante consultar telematicamente o estado de tramitación. A disposición adicional posibilita que o expediente administrativo do acto reclamado (expediente de orixe) se poida remitir en formato electrónico ao tribunal económico-administrativo, de acordo co disposto no artigo 6, aínda que a reclamación fose presentada en papel. A disposición transitoria fai referencia ás especificacións técnicas que se recollen na orde no seu anexo II, que son transitorias porque se axustarán ao futuro desenvolvemento regulamentario da Lei 11/2007, así como aos criterios que se determinen no Esquema

Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da dita lei cando sexa publicado. A disposición derradeira dedícase á entrada en vigor desta orde.

Á orde xúntanselle dous anexos. O anexo I recolle tres modelos de interposición, denominados REA I, REA II e IEX, que se deberán utilizar para a interposición, respectivamente, de reclamación económico-administrativa contra un acto ditado por órgano administrativo; reclamación económico-administrativa contra actuacións ou omisións dos particulares en materia tributaria; e incidente de execución ditado en execución de resolución económico-administrativa. O anexo II, de especificacións técnicas, refírese, no punto 1, ao formato do documento de xustificación de recepción dunha interposición e no punto 2 aos sistemas de identificación e sinatura admitidos para a presentación telemática de reclamacións económico-administrativas entre particulares. En ambos os casos serán os do Rexistro Telemático do Ministerio de Economía e Facenda, posto que será o que utilizarán os tribunais económico-administrativos. Os puntos 3 a 7 do anexo II refírense dunha forma ou doutra ao expediente electrónico e os documentos que o compoñen. O punto 3 describe a estrutura dun expediente electrónico, o 4 o formato dun documento electrónico, o 5 as características técnicas mínimas para a dixitalización de documentos en papel, o 6 as características técnicas da remisión ou posta á disposición dos expedientes electrónicos cando se utilicen como medio técnico os servizos web, e finalmente, o punto 7 declara que en caso de usar outro medio técnico para a remisión ou posta á disposición deberanse acordar as necesarias medidas de seguranza. Todas as especificacións do anexo foron redactadas intentando reflectir os principios de operatividade, seguranza e interoperabilidade, e suxéitanse, como xa se indicou ao describir a disposición transitoria, ás normas futuras de carácter máis xeral que se publiquen.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto regular, ao abeiro do disposto na disposición adicional décimo sexta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e a disposición adicional terceira do Regulamento aprobado polo Real decreto 520/2005, a interposición telemática de reclamacións económico-administrativas, tanto do procedemento xeral en única ou primeira instancia, como do procedemento abreviado ante órganos unipersoais, así como dos incidentes de execución enunciados no número 1 do artigo 68 do Regulamento aprobado polo Real decreto 520/2005, a remisión do expediente administrativo do acto reclamado en formato electrónico e a consulta telemática do estado de tramitación das reclamacións económico-administrativas.

2. A orde aplícase aos órganos que ditaron o acto reclamado en vía económico-administrativa e aos tribunais económico-administrativos.

Artigo 2. *Interposición telemática de reclamacións económico-administrativas.*

1. Poderanse presentar telematicamente en formato electrónico conforme o regulado nesta orde os escritos de interposición das reclamacións económico-administrativas, tanto do procedemento xeral en única ou primeira instancia, como do procedemento abreviado ante órganos unipersoais, así como dos incidentes de execución enunciados no número 1 do artigo 68 do Regulamento aprobado polo Real decreto 520/2005.

2. Non será válida, e carecerá de eficacia, a presentación telemática ou electrónica de calquera recurso, incluído o de anulación regulado polo número 6 do artigo 239 da Lei 58/2003, así como a de incidentes e calquera outro escrito e demais actuacións do procedemento, distintos dos previstos no número anterior.

Artigo 3. *Lugar e formato de presentación.*

1. A presentación deberase realizar cubrindo o formulario que para estes efectos existirá no rexistro electrónico do organismo autor do acto impugnado e que admitirá a inclusión de documentos ou ficheiros anexos nos formatos que para o efecto indique o dito

organismo dentro dos formatos admitidos polo Ministerio de Economía e Facenda. En especial, poderase incluír a solicitude de suspensión do acto impugnado, de acordo co establecido no artigo 40 do Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003 en materia de revisión en vía administrativa.

2. Mentres o organismo autor do acto impugnado non dispoña de rexistro electrónico ou nel non estivese consignado o formulario, o disposto no artigo 2.1 desta orde non será de aplicación e a presentación deberase realizar en papel.

3. Se se trata de reclamacións entre particulares, a presentación deberase realizar cubrindo o formulario que para estes efectos existirá no rexistro electrónico dos tribunais económico-administrativos.

Artigo 4. *Contido do formulario de presentación.*

1. O formulario de presentación conterá os extremos indicados no número 1 do artigo 2 do Regulamento aprobado polo Real decreto 520/2005, así como espazo para efectuar as alegacións cando proceda.

2. A identificación e autenticación do asinante poderase realizar por calquera dos sistemas de sinatura electrónicos admitidos, conforme o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no rexistro electrónico receptor.

3. Apróbanse os modelos de formulario que se xuntan no anexo I desta orde. O modelo REA1 utilizarase para a interposición de reclamación económico-administrativa contra un acto ditado por órgano administrativo. O modelo REA2 utilizarase para a interposición de reclamación económico-administrativa contra actuacións ou omisións dos particulares en materia tributaria. O modelo IEX utilizarase para a presentación de incidente de execución ditado en execución de resolución económico-administrativa.

Artigo 5. *Acreditación da presentación.*

1. O formulario de presentación disporá dun sistema de validación mediante o que o reclamante poderá obter telematicamente unha copia dixital autenticada, susceptible de ser impresa en papel, que acredite o acto da presentación, o organismo ante o que se presenta, o contido do formulario cuberto incluído o texto de alegacións se as houber, a data de presentación e o número de entrada de rexistro.

2. O xustificante de recepción da presentación incluírá a enumeración dos documentos e ficheiros adxuntos ao formulario de presentación, seguida dunha pegada dixital de cada un deles. En caso de que se presentasen ficheiros con código malicioso, o documento conterá polo menos o nome pero non a pegada dos ditos ficheiros.

Artigo 6. *Formación do expediente de orixe en formato electrónico e remisión aos tribunais económico-administrativos.*

1. O organismo que ditou o acto impugnado remitirá ou porá á disposición do tribunal competente o expediente administrativo correspondente ao dito acto en formato electrónico, se llo permiten os medios técnicos de que dispoña.

2. Para a formación do expediente electrónico será de aplicación o previsto na Lei 11/2007 e especialmente no capítulo IV do seu título II. Darase cumprimento ao disposto no número 2 do artigo 32 da Lei 11/2007 de forma que o reclamante poida comprobar a integridade e imposibilidade de modificación do expediente remitido.

3. Cando sexa posible, o expediente enviarase ou porase á disposición do tribunal competente por medios telemáticos automatizados baseados en servizos web, conforme se especifica no anexo II desta orde.

4. Tamén se poderán utilizar tanto o correo electrónico como outro tipo de transmisións telemáticas cando así se acorde entre o organismo emisor e os tribunais económico-administrativos. Neste caso habilitarase necesariamente un sistema de xustificación de recepción que garanta que ambas as partes teñen constancia da entrega e recepción do expediente íntegro por parte dos tribunais económico-administrativos.

5. Noutro caso, o expediente consignarase nun soporte electrónico ou óptico non susceptible de reescritura, cuxa portada identificará o expediente. O soporte utilizado irá acompañado dun certificado, redactado en papel, indicativo de que o expediente figura integramente no dito soporte.

6. O tribunal disporá de sistemas de visionado para o exame do expediente, que garantan a identidade entre o mostrado e o expediente recibido telematicamente ou gravado no soporte electrónico ou óptico, pero non expedirá copias en papel do expediente de orixe. O reclamante e os interesados que compareceron debidamente na reclamación poderán obter á súa custa copia electrónica do expediente, durante o trámite de posta de manifesto para alegacións.

Artigo 7. Remisión da reclamación aos tribunais económico-administrativos e actuacións posteriores do procedemento económico-administrativo.

1. O organismo onde se presentase telematicamente a reclamación, remitiráa ao tribunal económico-administrativo a que vaia dirixida. Este envío efectuarase preferentemente en formato electrónico, xunto co expediente de orixe e demais documentación legalmente establecida nese mesmo formato, de ser o caso. Ese envío efectuarase na forma prevista no artigo 6 anterior. Cando o expediente de orixe e a documentación asociada non se poidan enviar en formato electrónico, utilizarase un mecanismo de remisión que facilite a vinculación da reclamación telemática co seu expediente de orixe en papel.

2. No expediente de reclamación poderase consignar unha copia en papel do escrito de interposición presentado telematicamente. Para estes efectos o tribunal disporá de sistemas que permitan obter esa copia de forma que se garanta a identidade entre o formulario electrónico e a copia impresa.

3. As restantes actuacións do procedemento económico-administrativo iniciado telematicamente, así como as actuacións non incluídas no ámbito de aplicación desta orde, seguirán presentándose e documentándose en papel no expediente da reclamación.

Artigo 8. Consulta do estado de tramitación.

1. O reclamante e os interesados que compareceron debidamente na reclamación poderán coñecer o seu estado de tramitación a través da sede electrónica dos tribunais económico-administrativos ou por outros medios telemáticos.

2. A facultade descrita no número anterior non se estende ao contido dos trámites.

3. A identificación e autenticación do reclamante e interesados que compareceron no recurso ou reclamación obxecto de consulta ou dos seus representantes poderase realizar por calquera dos sistemas de sinatura electrónicos admitidos, conforme o disposto na Lei 11/2007, na sede electrónica correspondente.

Disposición adicional única. Remisión en formato electrónico de reclamacións e incidentes de execución presentados en papel.

A remisión en formato electrónico dos expedientes de orixe prevista no artigo 6 desta orde tamén se poderá utilizar nas reclamacións e incidentes sinalados no primeiro número do artigo 2 que sexan presentados en papel. O escrito de interposición da reclamación económico-administrativa ou do incidente que se presentase en papel remitirase ao tribunal económico-administrativo, sen prexuízo de que o órgano receptor o poida dixitalizar e remitir, ademais, conforme o disposto polo artigo 7.

Cando o número de reclamacións que un mesmo órgano remita aos tribunais económico-administrativos sexa moi elevado, poderanse aprobar, mediante resolución da Presidencia do Tribunal Económico-Administrativo Central, procedementos substitutorios da remisión en papel do escrito de interposición.

Disposición transitoria única. *Especificacións técnicas.*

1. Toda especificación técnica en canto a formatos de arquivo, expediente electrónico, estándares de transmisión de datos e calquera outra que resulte necesaria para a execución das actuacións reguladas nesta orde axustarase ao futuro desenvolvemento regulamentario da Lei 11/2007, así como aos criterios que se determinen no Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da dita lei, cando sexan publicados.

2. Ata a entrada en vigor dos desenvolvementos normativos do número anterior, as especificacións técnicas precisas para a realización das actuacións reguladas nesta orde conségnanse no seu anexo II.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*. O disposto no artigo 3.3 e no artigo 8 desta orde iniciará os seus efectos cando entren en funcionamento o rexistro e a sede electrónicos citados neles.

O que lles comunico a vostedes para o seu coñecemento e efectos.

Madrid, 8 de outubro de 2009.—A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.

ANEXO I



Modelo: REA1



**INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA
CONTRA UN ACTO DITADO POR ÓRGANO ADMINISTRATIVO**

ANTE O TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO (*) _____

1.- RECLAMANTE

Apelidos e nome ou razón social (*)			
NIF (*)		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

2.- REPRESENTANTE

Apelidos e nome ou razón social			
NIF		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

3.- DOMICILIO NOTIFICACIÓNS

Apelidos e nome ou razón social (*)			
Tipo de vía (*)		Nome da vía pública (*)	
Número (*)	Escaleira (*)	Andar (*)	Porta (*)
Código postal (*)	Municipio (*)		Provincia (*)

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio



Modelo: REA1



4.- IDENTIFICACIÓN DO ACTO OBXECTO DE RECURSO

Órgano autor do acto reclamado (*)	
Descrición do acto (*)	
Nº de expediente / referencia do acto (*)	Data do acto (*)
Data de notificación	Concepto
Período / exercicio	Importe / contía
Recurso de reposición previo (S/N)	Nº de referencia do recurso de reposición

5.- ALEGACIÓNS

(Advertencia: se a reclamación se debe tramitar polo procedemento abreviado ante órganos unipersonais – artigos 64 e 65 do R.D. 520/2005 – non se poderán presentar alegacións con posterioridade a esta interposición)

Se non ten espazo suficiente, pode incorporar un documento anexo con follas adicionais de alegacións.

6.- RELACIÓN DE DOCUMENTOS ANEXOS

1.
2.
...

7.- SINATURA (só necesario en caso de impresión deste formulario para presentación en papel)

En, o de de Sinatura:

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio



Modelo: REA2



**INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA
CONTRA ACTUACIONES OU OMISIONS DOS PARTICULARES
EN MATERIA TRIBUTARIA**

ANTE O TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO (*) _____

1.- RECLAMANTE

Apelidos e nome ou razón social (*)			
NIF (*)		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal		Municipio	Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

2.- REPRESENTANTE

Apelidos e nome ou razón social			
NIF		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal		Municipio	Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

3.- DOMICILIO NOTIFICACIONES

Apelidos e nome ou razón social (*)			
Tipo de vía (*)		Nome da vía pública (*)	
Número (*)	Escaleira (*)	Andar (*)	Porta (*)
Código postal (*)		Municipio (*)	Provincia (*)

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio



Modelo: REA2



4.- IDENTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN OU OMISIÓN OBXECTO DE RECURSO

Apelidos e nome ou razón social do particular recorrido (*)		NIF	
Tipo de vía (*)	Nome da vía pública (*)		
Número (*)	Escaleira (*)	Andar (*)	Porta (*)
Código postal (*)	Municipio (*)		Provincia (*)
Descrición da actuación ou omisión (*)			
Data da actuación ou omisión		Outros datos de interese	

5.- ALEGACIÓNS

(Advertencia: se a reclamación se debe tramitar polo procedemento abreviado ante órganos unipersonais – artigos 64 e 65 do R.D. 520/2005 – non se poderán presentar alegacións con posterioridade a esta interposición)

Se non ten espazo suficiente, pode incorporar un documento anexo con follas adicionais de alegacións.

6.- RELACIÓN DE DOCUMENTOS ANEXOS

1.
2.
...

7.- SINATURA (só necesario en caso de impresión deste formulario para presentación en papel)

En, o de de Sinatura:

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio



Modelo: IEX



**PRESENTACIÓN DE INCIDENTE DE EXECUCIÓN
CONTRA UN ACTO DITADO EN EXECUCIÓN DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN
ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA**

ANTE O TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO (*) _____

1.- RECLAMANTE

Apelidos e nome ou razón social (*)			
NIF (*)		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

2.- REPRESENTANTE

Apelidos e nome ou razón social			
NIF		Tipo de vía	
Nome da vía pública			
Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono de contacto		Enderezo de correo electrónico de contacto	

3.- DOMICILIO NOTIFICACIÓNS

Apelidos e nome ou razón social (*)			
Tipo de vía (*)		Nome da vía pública (*)	
Número (*)	Escaleira (*)	Andar (*)	Porta (*)
Código postal (*)	Municipio (*)		Provincia (*)

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio



Modelo: IEX

**4.- IDENTIFICACIÓN DO ACTO QUE MOTIVA O INCIDENTE**

Órgano autor do acto reclamado (*)	
Descrición do acto (*)	
Nº de expediente / referencia do acto (*)	Data do acto (*)
Data de notificación	Concepto
Período / exercicio:	Importe / contía:
Nº reclamación económico-administrativa (RG) (*)	Data resolución REA (*)

5.- ALEGACIONES

(Advertencia: se o incidente se debe tramitar polo procedemento abreviado ante órganos unipersoais – artigos 64, 65 e 68.3 do R.D. 520/2005 – non se poderán presentar alegacións con posterioridade a esta presentación)

Se non ten espazo suficiente, pode incorporar un documento anexo con follas adicionais de alegacións.

6.- RELACIÓN DE DOCUMENTOS ANEXOS

1.
2.
...

7.- SINATURA (só necesario en caso de impresión deste formulario para presentación en papel)

En, o ... de de Sinatura:

Nota: os campos sinalados con (*) son de contido obrigatorio

ANEXO II

Especificacións técnicas

Obrigatoriedade e publicación. Estas especificacións técnicas, que serán de obrigado cumprimento, serán publicadas na sede electrónica dos tribunais económico-administrativos. En caso de se producir a actualización tecnolóxica de calquera destas especificacións, a Presidencia do Tribunal Económico-Administrativo Central, logo de informe dos órganos directamente afectados, ditará unha resolución que aprobe as instrucións precisas para a adaptación dos novos estándares que se adopten. As novas especificacións adoptadas publicaranse na referida sede electrónica.

1. Formato do documento de xustificación de recepción dunha interposición. Para as reclamacións entre particulares o formato de xustificante de recepción será o empregado polo Rexistro Telemático do Ministerio de Economía e Facenda, en formato PDF. Para o resto de reclamacións que se deban presentar noutros rexistros electrónicos, deberase proporcionar un xustificante de recepción nun formato accesible mediante ferramentas de uso gratuito ao alcance de todos os posibles usuarios.

2. Para a presentación electrónica de reclamacións económico-administrativas entre particulares, utilizaranse os sistemas de identificación e sinatura admitidos no Rexistro Telemático do Ministerio de Economía e Facenda, que estarán publicados na sede electrónica dos tribunais económico-administrativos. As páxinas da internet ou os rexistros electrónicos dos organismos autores de actos impugnados que admitan a interposición por vías ou medios electrónicos de reclamacións económico-administrativas deberán indicar igualmente os sistemas de identificación e sinatura, e, de ser o caso, os certificados admisibles para a presentación por vías ou medios electrónicos, de acordo co establecido no artigo 15.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. Estrutura dun expediente electrónico. Para os efectos do intercambio de expedientes electrónicos, cando a complexidade do expediente o aconselle, é característica necesaria que os documentos estean organizados dentro dunha estrutura en árbore que permita que eses documentos poidan estar incluídos en carpetas que faciliten a localización e o acceso a eles. Tanto os documentos como as carpetas etiquetaranse cun nome descritivo do seu contido. O expediente electrónico debe ir foliado mediante un índice electrónico conforme o establecido no artigo 32 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Este índice é o primeiro documento do expediente electrónico e debe conter a relación ordenada de documentos incluídos no expediente.

4. Formato dos documentos dun expediente electrónico. Utilizaranse formatos estándar de uso común que sexan acordados pola Administración remitente e polos tribunais económico-administrativos. Para os documentos en papel que sexan dixitalizados considéranse formatos estándar de uso común os seguintes: ISO 19005 (PDF/A), PNG, JPEG 2000, PDF 5.0 ou superior e TIFF 6.0 ou superior.

5. Para os efectos da dixitalización de documentos en soporte papel deberase utilizar un software de procesamento de imaxes que garanta que a imaxe resultante permita a mesma lexibilidade que o documento papel. A imaxe deberá ter unha resolución mínima de 200x200 ppp.

6. Sistema de intercambio electrónico baseado en servizos web para a remisión ou posta á disposición dos expedientes electrónicos

6.1. Formato dos ficheiros de intercambio. Os ficheiros para o intercambio de expedientes electrónicos serán en formato XML.

6.2. Formato de pegada dixital de documentos. Utilizarase como mínimo o estándar SHA-1.

6.3. O acceso aos diferentes servizos para a posta á disposición e remisión electrónica de expedientes electrónicos realizarase preferentemente a través do Sistema de Aplicacións

e Redes para as Administracións Públicas. No dito acceso utilizarase o protocolo seguro SSL.

6.4. Os servizos para a posta á disposición e intercambio electrónico de expedientes electrónicos presentarán interfaces automatizadas de servizos web, conforme o estándar WSDL 1.0 do W3C ou superior. A codificación das mensaxes realizarase de acordo co estándar UTF-8 ou co estándar ISO-8859-15.

6.5. Formato de sinatura electrónica avanzada das mensaxes. O formato utilizado será XMLDSIG con extensións XADES BES versión 1.3.2 ou superiores.

6.6. A petición, o aviso e o xustificante de recepción de todo expediente electrónico quedarán rexistrados nos rexistros electrónicos dos organismos provedor e destinatario. Para o intercambio de datos rexistrais utilizarase a especificación SICRES.

6.7. O proceso de posta á disposición dun expediente electrónico poderase desagregar nas fases que o órgano autor do acto impugnador e os tribunais económico-administrativos acorden para o mellor funcionamento do sistema.

6.8. Nos supostos excepcionais de documentos cun tamaño tan grande que faga inviable a recuperación por vías ou medios electrónicos poderase concertar outra modalidade de recuperación dos documentos.

7. Remisión electrónica de expedientes baseada noutros medios. As administracións intervinientes acordarán a utilización de sistemas de cifraxa e sinatura que garantan a autenticación, integridade e confidencialidade da remisión de expedientes electrónicos.